



EXPEDIENTE	CONSELLO ECONÓMICO SOCIAL. SESIÓN ORDINARIA	1/2015
	25.11.2015. RENOVACIÓN	
TRÁMITE	Traslado de Decreto convocatoria.	

Particípolle que, no día da data, a Sra. Alcaldesa Accidental ditou o seguinte Decreto:

"Por acordo plenario do 25.03.2000 apróbase o Regulamento do Consello Económico e Social do Concello de Pontevedra (CES en adiante), regulamento que ven en ser publicado no BOP nº 70 do 10.04.2000.

A finalidade e funcións deste órgano sinálanse nos arts. 2 e 3 do seu regulamento, e mesmo plasma a previsión do art. 131 da Lei 7/1985.

Xa que logo, e de conformidade co precisado no art. 9 b) do citado Regulamento, resolvo:

Primeiro.-

Convocar aos membros do CES á sesión do Pleno deste órgano que terá lugar o vindeiro día 25, ás 19.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, sito no andar 3º do edificio de Michelena, 30.

Segundo.-

Fixar a seguinte Orde do día:

- 1.- Renovación do CES. Toma de coñecemento.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior de 22.07.2014.
- 3.- Información sobre os criterios e liñas xerais do Proxecto de Orzamentos municipais para 2016.
- 4.- Información sobre a situación económico social do concello.
- 5.- Proxectos Fondos FEDER 2014-2020.
- 6.- Plan de emprego municipal. Análise de propostas sobre medidas para a reactivación do emprego. Proposta de dotación económica.
- 7.- Realización do plan estratéxico Pontevedra 2018, centrado nun estudo socioeconómico para analizar a situación actual e as posible liñas de actuación a desenvolver, con vistas ao traslado de ENCE e, polo tanto, á recuperación das marismas de Lourizán.
- 8.- Rogos e preguntas.

Terceiro.-

Dar traslado da presente aos membros do pleno do CES, de acordo co sinalado no art. 8 b) do seu regulamento.

A documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día que fora facilitada á Secretaría, estará a disposición dos membros na Secretaría Xeral do Pleno do Concello, a efectos da súa consulta.

Isto sen prexuízo da súa remisión, xunto coa convocatoria, en soporte papel ou informático, de ser o caso.

Cuarto.-

A efectos de dar cumprimento as previsións regulamentarias en canto composición do Pleno do CES, entenderase:

- Que o representante de Caixa Pontevedra ou da entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo- Caixa Ourense, será o representante da entidade Fundación Galicia Obra Social, en canto sucesora da desenvolvida polas anteriores, e dado o novo carácter estritamente bancario da entidade A BANCA. A tal fin procederá á súa convocatoria, sen prexuízo do que, neste sentido, poidan comunicar ao respecto.

-O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.

Quinto.-

Por outra banda, habida conta da renovación do CES e téndose requirido ás diferentes entidades representadas a designación (ou confirmación) dos seus representantes por órgano con facultades suficientes ao respecto, prégame a aquelas que non o teñan feito que achen, con anterioridade á sesión que se convoca, certificación acreditativa do sinalado.

Sexto.-

Segundo o 24.3, par. 2º, da Lei 30/1992, aplicable por remisión da DF do Regulamento do CES, as entidades representativas de intereses xerais poderán substituír aos seus membros titulares por outros, debendo non obstante acreditálos con anterioridade ante a Secretaría do propia CES, Secretaría Xeral do Pleno do Concello de Pontevedra. ”

Reitérase o precisado no apartado quinto da presente convocatoria en canto á acreditación da representación que se ostente.

Pontevedra, 20.11.2015.

O Secretario Xeral do Pleno,

José Luís Mato Rodríguez.

